

ESPAZOS PARA A PALABRA

Cumpríranse xa os 25 anos do Premio de Poesía Esquíu: os vintecinco outonos (a marabillosa estación coa plástica das mudas cara á nudez) ou primaveras da Lingua (que soñara Cunqueiro na súa despedida). E hai uns poucos días Luz Pichel, a emigrante de Alén, gañaba o primeiro premio, pondo o pé en firme na Terra de seu coas palabras merecentes para alcanzarmos o aniversario 26 desta efeméride dos versos que honran a memoria do trovador-xograr de Ferrolterra, inscrito na Muralla de Lugo.

E Luz díxome, horas despois de saber o éxito do seu libro da aldea e da Casa *pechada*: "...pois agora temos que facer que a Poesía medre nos espacios luminosos, como nesa arquitectura popular dos Pendellos d'Agolada, aínda que sexa só para nolos dous, como naquel outro día..." Falabamos dunha mañá de setembro, cando ela se achegara ata Lalín para facer presente o seu poemario "La marca de los potros" (premio Juan Ramón Jiménez). Eu chegaba na deshora, pois que viñamos da beiramiño de Outeiro de Rei, onde ficaba para sempre en terra e pousa o amigo Manuel María, o poeta das moitas singraduras de labregos, "fanegas de alma". Escoitei o recitado dos últimos poemas. Recollín o libro e convocámonos para o día seguinte n'Agolada. Non eramos máis que poucos: as amigas/os de Alcobendas e Madrid, apenas uns ramallos de sobreira. Foi de abondo. Levedaran as palabras e os ecos están aínda nos cantos e nos rebos, entre as ruelas, na praciña da Randulfa, nos corredores da luz dunha mañá que se resiste ao esquecemento: lugar máxico e humilde no que aínda aniñan as voces de calquera ousado coma nós, que as pendure e deixe en abandono, por se alguén recolle. E sempre hai: unha mulleriña que escoita o buligar dos gatos ou dos netos, o canto dos galos con destiño ao Nadal, o can que pasa en soedade unha e outra vez soñando un "ola, que, amigho, que", as voces galegas dos irmaus estremeiros do Val do Xálma, do Bierzo, de Sanabria, do Eo Navia, que recibiran aquí (14 de novembro do 2004) a primeira homenaxe irmandiña de Galiza, tan autentes como cando aló nos espazos da resistencia da Fala: Cáceres, León, Zamora, Asturias...E axiña despois, de volta aos pentagramas do diario, o demorado silencio, tanto que xa manca. Pois velaí o soño de Luz e o meu nesta outonía: "Crebar as liras" dos desánimos e pór en alzas os convivios, rachar os medos, derrubar as muradellas do autoodio, espir a fermosura dos poemas nesta pasarela, corredor, solaina, pedra agradecida, para que o mundo saiba, achegue, sinta canda nós o ritmo, ese boureo das palabras interiores, aquí pronuncia e aló memoria. *Sobre a pedra*, queremos nominar esta contorna para nos convocar á Poesía, sobremaneira as novas voces, editas e inéditas; e tamén aos contacontos: unha bufarda de vento do

surés contra das néboas. Unha suma de esperanza ás outras Festas, Romarías da Palabra: Salvaterra, Combarro, A Coruña, Lugo, Compostela, Vigo, Pontevedra, A Guarda...lugares abertos e furanchos, paraísos onde se embarca o compromiso coa Lingua, a lealdade das mensaxes con-sentidas no formato máis antigo das ensoñacións de inicio: o sermos de vez poetas, coma Ela. A Sociedade de Cultura Valle Inclán, fornecedora desta certeza dos 26 anos de historia do Premio Esquíó, que coordina Fernando Bores, ten agora a oportunidade de nos dar estoutra ledicia, que coidamos oportuna: facermos ese recital fóra das normas convencionais, distinto, interrelacionado coa música e a imaxe, aló para cando sexa a publicación da “antoloxía do vintecinco aniversario” mais os libros recoñecidos na convocatoria deste ano, aquí, no eirado da Terra, Campo das Mámoas, “augalevada” equidistante aos catro ventos de Galiza, onde moran as pedras dos petroglifos, dos túmulos, dos castros, do románico...E no cerne da vila o patrimonio dunha arquitectura de feira antiga, tal era vital: ruelas, mostradores, parafitas; madeira, pedra e arxila. Que será cando se afirmen e medren nelas o Amor, o Orgullo, o Compromiso, a Música e a Palabra? *“Ánimo, compañeiros / toda a terra é dos homes...”*(Rosalía). Sempre.

Xosé Vázquez Pintor